

CEIP O PIÑEIRIÑO

ÁREA DE LINGUA INGLESA

2º de Educación Primaria

ANO ACADÉMICO:2022-23

INDICE

1. **OBXECTIVOS**
2. **SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN**
3. **ASPECTOS CURRICULARES DAS UNIDADES DIDÁCTICAS**
4. **CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE**
5. **METODOLOXÍA**
6. **AVALIACIÓN**
7. **ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

1.OBXECTIVOS

- Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos, que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
- Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade.
- Coñecer e utilizar de maneira apropiada as linguas galega e castelá e desenvolver hábitos de lectura.
- Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
- Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaces de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.
- Coñecer os aspectos fundamentais das Ciencias da Natureza, das Ciencias Sociais, da Xeografía, da Historia e da Cultura.

- Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.
- Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
- Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.
- Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.
- Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.
-

2.SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN

	UNIDADES	
1ª AVALIACIÓN	0.Ready,steady,go!	SETEMBRO-OUTUBRO
	1. Hobbies!	OUTUBRO-NOVEMBRO
	2. Carnival	NOVEMBRO-DECEMBRO
2ª AVALIACIÓN	3. Animals everywhere	XANEIRO-FEBREIRO
	4 . Superheroes	FEBREIRO-MARZO
3ª AVALIACIÓN	5. Superheroes	MARZO-ABRIL
	6. A day out	MAIO-XUÑO

3.ASPECTOS CURRICULARES DAS UNIDADES DIDÁCTICAS

4.CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

5.1. COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA

Para lograr a adquisición desta competencia, o alumno debe:

- Ser capaz de comprender e producir mensaxes orais que teñen finalidade didáctica ou son de uso cotián.
- Ser capaz de poñer en práctica os coñecementos necesarios para escribir correctamente.
- Ser capaz de ler e comprender de forma autónoma textos literarios infantís.
- Ser capaz de identificar e usar conceptos gramaticais básicos como sílaba, palabra, enunciado, nome, etc.

5.2. COMPETENCIA MATEMÁTICA E COMPETENCIAS BÁSICAS EN CIENCIA E TECNOLOXÍA

Ademais dos exercicios puramente matemáticos, nocións como a secuencia temporal dunha historia ou a numeración e ordenación de viñetas relacionadas cos textos contribúen ao desenvolvemento de habilidades características desta competencia. Por outro lado, a correcta expresión lingüística dos números tamén forma parte da contribución da área de Lingua ao desenvolvemento da Competencia Matemática. O traballo a través de textos informativos relacionados co mundo físico que permiten coñecer mellor os elementos da natureza e a influencia e as relacións que manteñen os seres humanos co espazo en que viven.

5.3. COMPETENCIA DIXITAL

A área proporciona destrezas para a procura, selección e comprensión da información. Os programas de comprensión dos diferentes tipos de textos, as actividades relacionadas coas imaxes ou coa análise de sinxelas cuestións tipográficas contribúen ao desenvolvemento desta competencia desde os primeiros cursos. Xunto a estas cuestións xerais, fórmulanse outras máis concretas como, por exemplo, o traballo sobre o ordenador e o seu uso responsable.

5.4. COMPETENCIA PARA APRENDER A APRENDER

O uso correcto da lingua é unha das ferramentas básicas da aprendizaxe. A lectura posibilita o acceso ao coñecemento, e a escritura permite a súa reelaboración e a súa asimilación persoal. Cuestións como mellorar a lectura ou a comprensión, así como a correcta expresión dos coñecementos, contribúen ao desenvolvemento desta competencia. Por outra parte, a presenza de actividades que permiten traballar a atención, a memoria ou a construción do sentido serven tamén para contribuír ao desenvolvemento da aprendizaxe.

5.5. COMPETENCIA SOCIAIS E CÍVICAS

A lingua é a base da comunicación entre os seres humanos, de aí que desde a área de Lingua se poida contribuír facilmente ao desenvolvemento desta competencia básica, entendida como conxunto de habilidades necesarias para a convivencia. Nete sentido, que os nenos aprendan a comunicarse cos demais e a comprender o que os demais lles transmiten é fundamental para a súa formación como seres sociais. Ademais, a lingua tamén lles permite

aos nenos tomar contacto con outras realidades diferentes da súa e facilita a erradicación de prexuízos e imaxes estereotipadas.

5.6. SENTIDO DE AUTONOMÍA E ESPÍRITO EMPRENDEDOR

O traballo cos materiais da área de Lingua preséntase de tal forma que poida ser realizado con autonomía. En todas as unidades pídeselles aos nenos que demostren o que son capaces de realizar cos coñecementos lingüísticos que posúen ata ese momento. Por outra parte, a proposta de actividades que obrigan aos nenos a poñerse no lugar doutros ou a decidir entre varias cuestións, promoven o desenvolvemento desta competencia.

5.7. CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAI

Desde a área de Lingua contribúese ao desenvolvemento desta competencia mediante a lectura e o teatro. Ademais, o traballo a partir dos debuxos e as fotografías que acompañan aos textos permite desenvolver habilidades propias da educación artística.

5.METODOLOXÍA

A aprendizaxe dunha lingua céntrase no significado. Un principio básico é que todos os contextos e situacións en que os alumnos se aproximan ao idioma deberían ter un sentido completo e relevante e estar relacionadas coas súas experiencias.

Os alumnos dispoñen de numerosas oportunidades de incorporar as súas propias vivencias no contexto da aula. Ademais de actividades como enquisas, traballo en parella e produción escrita personalizada ou guiada, con frecuencia pídeselles aos alumnos que falen dos seus intereses e experiencias facendo que o proceso de aprendizaxe teña máis sentido para eles.

A aprendizaxe é moito máis efectiva cando se goza do proceso. Tanto as cancións, como as rimas, as historias ou os xogos proporcionan formas divertidas coas que abranguer unha variada tipoloxía de actividades, así como os diferentes estilos de aprendizaxe.

O profesor apoia e guía os alumnos observando os seus avances e proporcionando axuda cando sexa necesaria, comprobouse que o apoio entre compañeiros xoga un papel esencial no desenvolvemento das clases, polo que se anima os alumnos a traballar en colaboración e apoiarse uns a outros a través de actividades en parellas e en grupos.

Se lles proporciona aos alumnos oportunidades para ver, oír e asimilar a linguaxe en contexto antes de iniciar as actividades orais. Ademais, todas as actividades se presentan a través de modelos claros e recorren a situacións familiares como ir de compras ou participar nun xogo de adiviñar. A práctica oral preséntase de diferentes formas: actividades de repetición como rimas, cancións ou trabalinguas, diálogos onde os alumnos toman parte lendo a transcripción, enquisas e cuestionarios, xogos de cartas que implican dicir palabras, facer preguntas ou realizar descrições para seguir o xogo, actividades de “role-play” e intercambios de preguntas e respostas en parellas.

O profesor proporcionar un modelo de linguaxe na clase:

- Uso de soportes visuais e outras ferramentas para aclarar o significado.

- Uso dun ton de voz e dunha linguaxe corporal que aclare o significado.

- Repetición e aclaración da mensaxe clave.

- Comprobacións do significado para asegurar que a mensaxe se entendeu.

Un rango restrinxido de temas (aquí e agora) para que o contido sexa predicible.
Locución expresada de forma (lixeramente) máis lenta e con esmero.
Oracións curtas e ben construídas.
Preguntas pechadas para manter a conversa.

O profesor ten como propósito axudar o neno a falar e a expresarse, apoiándoo de forma activa na conversación, proporcionando todo o vocabulario que o neno necesite para expresar os seus pensamentos; así estes trasládanse a unha área de desenvolvemento que está lixeiramente por riba do seu estado natural. Este enfoque axúdaos a avanzar na aprendizaxe e a realizar traballos que non poderían facer sen o apoio do profesor, de modo que o progreso é máis evidente para o estudante.

Na clase de inglés necesitamos desenvolver estas destrezas para asegurar que o progreso dos alumnos está adecuadamente equilibrado. O programa de alfabetización desenvólvese a través de contos e ten dous elementos básicos:

Desenvolvemento da alfabetización: Para asegurar o progreso na alfabetización, os alumnos teñen que aprender a recoñecer os elementos básicos dun texto e como se conectan. Isto implica destrezas tales como a secuenciación, o desenvolvemento de personaxes, a predición e a anticipación, as descrições de lugares, persoas e obxectos, a cronoloxía, o propósito e a inferencia. Ao alentar os alumnos a observar e traballar estas características, estes chegarán gradualmente a ser capaces de incorporalas ás súas propias obras de escritura.

Fonética: É esencial entender a relación entre os sons e as letras para ser capaz de ler e escribir correctamente. No caso do inglés, isto é extremadamente complexo e require traballo consistente e detallado. Os alumnos empezan traballando cos sons iniciais básicos e avanzan de forma gradual cara ás demais seccións en que traballan os demais sons das palabras, para terminar con cuestións máis complexas de pronunciación e entoación. Isto non pode facerse rápido e debe espazarse adecuadamente ao longo dos 6 niveis.

Os contos son o centro principal de cada unidade. Os personaxes e as historias son atractivas para os alumnos e a miúdo faise uso do humor ou da tensión dramática, reforzando a experiencia positiva de ler en inglés. As historias funcionan como vehículo condutor para introducir ou revisar o vocabulario central de cada unidade e proporcionan diferentes oportunidades para encontrar ese vocabulario en contextos significativos.

Anímase aos alumnos a que se esforcen ao máximo coa súa CAPACIDADE COMUNICATIVA. Para iso, os profesores deben ser conscientes de que a comunicación real implica que os alumnos utilicen a lingua para dicir o que verdadeiramente queren, e non o que o profesor quere que digan.

O enfoque principal de todas as leccións é a comunicación oral. Todas as leccións empezan e terminan cunha actividade a nivel de toda a clase deseñada para animar os alumnos a falar:

As unidades terminan coas propostas de avaliación do traballo que os alumnos completaron.

MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Student's book e adhesivos. O libro do alumno inclúe o traballo principal do ano dividido en 6 unidades.

Pop-outs. Os *pop-outs* inclúen versións mini das historias que aparecen en cada unidade. Hai tamén versións mini das *flashcards: key vocabulary pop-outs*, para que os alumnos participen en xogos de repaso.

CD-Rom.

CD de audio.

Activity book. Con el proporcionáanse actividades de apoio adicional ao libro do alumno para cada lección da unidade.

Reader. Os alumnos contan tamén cun libro de lectura onde se presenta unha historia adicional.

DVD.

Pósters.

Puppets

Flashcards

Story cards. As *story cards* son versións grandes das viñetas do conto que inclúen a transcripción na parte posterior da tarxeta.

Resource Book. Fichas para a unidade que se poden fotocopiar divididas en diferentes seccións: “*Arts and Crafts*”, de revisión, de consolidación e de ampliación), fichas para os que acaban de chegar, fichas de lectura, de escritura, de probas e de actividades de explotación do libro de lectura.

CD-ROM

6.AVALIACIÓN

Establécese a avaliación de todos os elementos incluídos no currículo, como son os obxectivos, competencias clave, contidos, métodos pedagóxicos e criterios de avaliación de cada área. Ao ser a avaliación un recurso para comprobar a eficiencia e a calidade, debe ser sempre un proceso sistemático no que se poidan valorar da maneira máis obxectiva posible todos os aspectos importantes que participan na educación sobre a base duns criterios co fin de tomar as decisións adecuadas para que a aprendizaxe suceda da maneira máis adecuada e adaptada aos nosos alumnos.

A avaliación ha de ser un proceso sistemático e obxectivo que avalíe tanto o proceso de ensinanza coma o de aprendizaxe.

A avaliación sempre se desenvolverá nos tres momentos principais do proceso de ensinanza aprendizaxe:

Ao inicio do proceso realizarase unha **avaliación inicial** para diagnosticar o nivel de coñecementos do alumnado e as posibles dificultades, así como as súas motivacións expectativas e intereses para adaptar a metodoloxía ás características concretas dos nosos alumnos.

Durante todo o proceso de maneira **continua** para analizar en todo momento os progresos e as dificultades que vaian xurdindo ou producíndose. Desta maneira, o docente saberá cómo ir adaptando e modificando as súas accións educativas para mellorar o proceso ensinanza aprendizaxe.

Ao finalizar o proceso de ensinanza aprendizaxe e ao finalizar cada unha das unidades didácticas, o docente realizará unha avaliación **final ou sumativa** na que se avaliará a adquisición final dos contidos e a consecución dos obxectivos fixados.

Clasificación das actividades de avaliación

Exploración de coñecementos previos.

Valoración das diversas actividades programadas a partir dos obxectivos didácticos e dos contidos que se desenvolveron en cada Unidade.

Actividades co fin de que cada alumno determine os logros conseguidos e as dificultades detectadas e para que comprobe o que aprendeu ou necesita reforzar a través de diversas tarefas.

Fichas de control e avaliación, que permite avaliar o grao de progreso realizado polos alumnos á vez que o proceso de ensinanza e a propia práctica docente realizados en cada Unidade a través de diversas actividades.

Cuberta dos **instrumentos de avaliación**:

Ficha de rexistro personalizada, que recolle os resultados obtidos por cada alumno e que integra a información obtida e a súa valoración.

Rexistro de avaliación , realizado polo profesor, que indica para cada un dos alumnos o logro dos criterios de avaliación programados.

Procedementos de avaliación:

Observación sistemática do traballo e da participación e integración do alumno na clase.

Intercambios orais: Preguntas e respostas na clase, diálogos, breves coloquios e debates.

Exercicios específicos asociados aos diversos obxectivos programados en cada Unidade didáctica.

Revisión, análise e comentario das actividades e traballos realizados, recollidos no *Caderno escolar* e en exercicios específicos.

Proba específica de avaliación de cada Unidade didáctica.

Autoavaliación.

Coavaliación.

Instrumentos de avaliación:

Diagnóstico para realizar ao principio do curso e determinar así o nivel do que parten os alumnos.

Ficha de rexistro personalizada, onde se anotan os resultados apreciados a partir da observación, a análise de tarefas, as intervencións na clase e a corrección dos exercicios e do *Caderno escolar* individual do alumno, que integra a información obtida e a súa valoración.

Probas orais.

Producións e probas escritas, que incorporan os resultados obtidos nas diversas *actividades de avaliación* que se integran no proceso educativo.

Rexistro de avaliación.

Estándares de aprendizaxe, entendidos como as distintas destrezas dentro dun criterio de avaliación que axudarán a avaliar dunha maneira sistemática e concreta o proceso de ensinanza aprendizaxe. O docente utilizará estes estándares de aprendizaxe para avaliar o alumno dunha maneira obxectiva e detallada.

Rúbricas

A rubricas de avaliación entendidas como o nivel de adquisición de cada unha das competencias e contidos, servirán ao docente para avaliar ao alumno e as súas capacidades dunha maneira máis detallada e obxectiva. As distintas rúbricas de avaliación das competencias poderán avaliarse utilizando a táboa que figura no apartado dedicado a competencias clave relativas aos estándares de aprendizaxe das competencias.

As rúbricas preséntanse como matrices sinxelas onde se detallan, para cada un dos criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe, as condutas observables e os niveis de adquisición que o profesor debe ter en conta para a avaliación dos seus alumnos. Os campos que recollen estas matrices son:

Concreción para a unidade en cuestión; constitúen o maior nivel de concreción dos aspectos relevantes para a avaliación. Están relacionados cos obxectivos de aprendizaxe, os criterios de avaliación os contidos e as competencias.

Niveis de adquisición: Indican os graos de adquisición dun determinado logro mediante unha escala cualitativa que vai desde o logro en vías de adquisición, ata excelente.

ANEXO I: RÚBRICA DE AVALIACIÓN DE COMPETENCIAS CLAVE

COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA	Excelente	Bo	Adecuado	Regular	Insuficiente
ESCOITAR					
Escoita e entende secuencias de instrucións ou direccións sinxelas dadas polo profesorado ou por un medio mecánico.					
Capta o sentido global en textos orais variados emitidos en diferentes situacións de comunicación.					
Identifica informacións específicas en textos orais variados emitidos en diferentes situacións de comunicación.					
Comprende globalmente e extrae información específica de situacións curtas e sinxelas coa visualización repetida do documento audiovisual.					
Escoita e discrimina sons.					
FALAR					
Fai un uso adecuado da pronuncia, ritmo, entoación e acentuación en diferentes contextos.					
Interactúa de maneira moi básica e participa de maneira simple e comprensible en conversacións moi breves e representacións sinxelas.					
Pode organizar as súas breves exposicións, dicindo ou lendo en voz alta para toda a clase textos breves de realización propia.					
CONVERSAR					
Usa estruturas básicas propias da lingua estranxeira en diferentes contextos comunicativos de forma significativa.					
Mantén conversacións cotiás e familiares sobre temas coñecidos en situacións de comunicación predicibles.					
LER					
Capta o sentido global de textos sinxelos.					
Localiza información explícita en textos diversos sobre temas de interese.					
Realiza inferencias directas na comprensión de textos diversos sobre temas de interese.					
Le textos diversos sobre temas de interese.					
ESCRIBIR					
Escribe en lingua estranxeira a partir de modelos traballados previamente.					
Elabora textos escritos atendendo ao destinatario e á finalidade do texto.					
COMPETENCIA MATEMÁTICA, CIENTÍFICA E TECNOLÓXICA					
Ordena os datos rexistrados atendendo a un criterio de clasificación.					
Representa os datos obtidos sobre feitos e obxectos da vida cotiá utilizando os gráficos estatísticos máis adecuados á situación, táboa ou gráfica.					
Coñece, utiliza e relaciona os números na lingua estranxeira.					
Relaciona determinadas prácticas de vida co adecuado funcionamento do corpo.					
Identifica diferentes especies de seres vivos.					
Recoñece o proceso de experimentación científica.					
COMPETENCIA DIXITAL					
Busca, recompila e organiza información en soporte dixital.					
Utiliza as tecnoloxías da información e a comunicación para contrastar e comprobar información.					
Utiliza o soporte dixital para a aprendizaxe da lingua estranxeira.					

APRENDER A APRENDER					
Utiliza estratexias e recursos de pensamento para mellorar a comprensión e a expresión da lingua estranxeira; deducir, formular hipóteses, observar, comparar, asociar, transferir información, etc.					
Usa algunhas estratexias de tipo receptivo ou interactivo para liquidar problemas de comunicación.					
Aprende a organizar, memorizar e recuperar información.					
Faise consciente do que sabe e o que necesita aprender, asumindo a responsabilidade do seu propio proceso de aprendizaxe.					
COMPETENCIAS SOCIAIS E CÍVICAS					
Participa en interaccións orais dirixidas sobre temas coñecidos en situacións de comunicación predicibles.					
Respecta as normas básicas de intercambio, por exemplo, escoitando e mirando a quen fala e respectando a quenda de palabra.					
Valora a lingua estranxeira como instrumento de comunicación con outras persoas e mostra curiosidade e interese cara ás persoas que falan a lingua estranxeira.					
Identifica algúns costumes de países onde se fala a lingua estranxeira.					
SENTIDO DA INICIATIVA E ESPÍRITO EMPREENDEDOR					
Busca, recompila e organiza información en diferentes soportes.					
Goza de forma autónoma da lectura de textos adecuados á súa idade manifestando unha actitude positiva cara á lectura.					
Utiliza estratexias sinxelas de planificación e comprobación do traballo realizado.					
Utiliza o criterio e a reflexión persoal para levar a cabo certas actividades.					
CONCIENCIA E EXPRESIÓN CULTURAI					
Mostra curiosidade e interese por coñecer información sobre as persoas e a cultura dos países onde se fala a lingua estranxeira.					
Identifica algunhas tradicións de países onde se fala a lingua estranxeira.					
Exprésase creativamente e utiliza técnicas artísticas para a presentación de proxectos ou documentos escritos.					
Participa na elaboración de composicións grupais utilizando diferentes recursos expresivos musicais e/ou escénicos.					
Identifica aspectos culturais, xeográficos e sociais doutros países do mundo.					
Identifica e aprecia diferentes manifestacións artísticas.					

ANEXO II. RÚBRICAS PARA A AVALIACIÓN DE DESTREZAS POR TAREFAS

Bloque I – COMPRENSIÓN DE TEXTOS ORAIS

Rúbrica da comprensión oral

ALUMNO.....

	En vías de adquisición	Adquirido	Avanzado	Excelente
Atención	Distráese durante a escoita.	Distráese ocasionalmente.	Non se distrae na escoita.	Atende de forma constante durante toda a escoita.
Propósito	Non capta o significado global.	Capta con dificultade o significado global.	Recoñece e expresa o significado do texto.	Expresa unha síntese detallada do propósito do texto.
Puntos principais	Non distingue a idea ou ideas principais do texto.	Distingue a idea principal do texto.	Extrae ademais das ideas principais outras secundarias.	Distingue entre as ideas principais e secundarias.
Contexto	Non identifica a situación comunicativa.	Identifica con dificultade a situación comunicativa.	Identifica a situación comunicativa e achega algo de información sobre ela.	Identifica a situación comunicativa e achega información detallada.
Inferencias	Non é capaz de inferir ningunha información da escoita.	Realiza inferencias sobre a escoita aínda con dificultade.	Realiza inferencias sobre a escoita e achega ideas derivadas.	Realiza inferencias sobre a escoita, e achega ideas derivadas e conclusións.

Bloque II - PRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS

Rúbrica das actividades en parellas

ALUMNO.....

	En vías de adquisición	Adquirido	Avanzado	Excelente
Preguntas	Formula poucas preguntas e estas son de escasa relevancia.	Formula varias preguntas baseadas en feitos.	Formula un par de preguntas profundas e varias preguntas baseadas en feitos.	Formula varias preguntas profundas e preguntas baseadas en feitos.
Respostas	Non responde a ningunha ou a moi poucas preguntas.	Responde varias preguntas, aínda que con erros e titubeos.	Responde á maioría das preguntas correctamente.	Responde á maioría das preguntas correctamente.
Actitude	Apresura o final da actividade. Hai cambios bruscos de tema na formulación das preguntas.	Algunha vez interrompe ou apresura o seu compañeiro.	Obsérvanse certas interrupcións de tema.	Non se observa interrupción brusca de tema. Non apresura o final.

Rúbrica da entrevista

ALUMNO.....

	En vías de adquisición	Adquirido	Avanzado	Excelente
Preguntas	Prepara poucas preguntas e estas son de escasa relevancia.	Prepara varias preguntas baseadas en feitos.	Prepara un par de preguntas profundas e varias baseadas en feitos.	Prepara varias preguntas profundas e outras baseadas en feitos.
Formato e edición	Non edita nin organiza a transcripción da información.	Edita e organiza a transcripción, pero o fluxo de información non foi mellorado.	Edita e organiza a transcripción dunha forma que mellora o fluxo de información.	Edita e organiza a transcripción dunha forma que significativamente mellora o fluxo de información.
Introdución da entrevista	Necesita axuda en todos os aspectos da preparación dunha entrevista.	Pide permiso para realizar a entrevista, pero necesita recordatorios para presentarse e dicir por que quere entrevistar á persoa.	Preséntase e pide permiso para realizar a entrevista, pero necesita un recordatorio para que explique por que quere facela.	Preséntase e explica por que quere entrevistar á persoa e pide permiso para realizar a entrevista.
Final da entrevista	Apresura o final da entrevista. Hai cambios bruscos de tema na formulación das preguntas.	Algunha vez interrompe ou apresura a persoa entrevistada.	Obsérvanse certas interrupcións de tema. Agradece ao entrevistado a súa disposición.	Non se observa interrupción brusca de tema. Non apresura o final. Agradece ao entrevistado a súa presenza.

Rúbrica da interacción en grupo

ALUMNO.....

	En vías de adquisición	Adquirido	Avanzado	Excelente
Planificación	Realiza un argumento incompleto, sen terminar.	Realiza un argumento que non se corresponde totalmente coa actividade.	O argumento correspóndese coa actividade.	Realiza unha análise previa para preparar a actividade. O argumento correspóndese coa actividade.
Claridade	Non fala claramente e/ou ten erros de pronuncia (un ou máis).	Fala claramente case sempre, aínda que con algúns erros de pronuncia (un ou máis).	Fala claramente sempre, pero ten erros de pronuncia (un ou máis).	Fala claramente sempre e non ten erros de pronuncia.
Postura do corpo e contacto visual	Ten mala postura e/ou non mira ás persoas durante a actividade.	Algunhas veces ten boa postura e establece contacto visual.	Ten boa postura e establece contacto visual durante a actividade.	Ten boa postura, vese relaxado e seguro de si mesmo. Establece contacto visual durante a actividade.
Precisión	Os argumentos non están citados con precisión ou non hai feitos mencionados.	Un dos argumentos está citado con precisión.	Case todos os argumentos están citados con precisión.	Todos os argumentos están citados con precisión.
Actitude	Apresura o final da actividade. Hai cambios bruscos de tema na formulación da actividade.	Algunha vez interrompe ou apresura os seus compañeiros.	Obsérvanse certas interrupcións de tema.	Non se observa interrupción brusca de tema. Non apresura o final.

Rúbrica da presentación oral

ALUMNO.....

	En vías de adquisición	Adquirido	Avanzado	Excelente
Expresión oral	Cústalle a expresión oral ou realízaa con grandes limitacións.	Exprésase correctamente, aínda que con algúns erros ou dificultades.	Exprésase correctamente, de forma ordenada e fluída.	Exprésase correctamente, de forma ordenada, fluída e xerando un gran interese e motivación nos seus interlocutores.
Argumentación	As súas ideas están pouco fundamentadas. Non presenta argumentos sólidos.	As súas ideas non contradín o contido estudado.	Fundamenta as súas ideas, citando fontes e respondendo con argumentos.	Expresa bastantes ideas e moi ben fundamentadas, citando fontes e respondendo con argumentos.
Actitude de respecto	Non respecta nin as opinións nin as intervencións doutras persoas.	Respecta as quendas dos demais, pero non mostra unha actitude de escoita.	Deixa falar os demais e respecta as súas opinións, aínda que non coincidan coas súas.	Deixa falar os demais, escoitando e respectando as súas opinións, aínda que non coincidan coas súas.
Estratexias utilizadas	Non utiliza estratexias que lle poidan axudar a expor mellor.	Empezou a utilizar algunha estratexia útil.	Utiliza estratexias para a exposición (esquemas, notas, resumos).	Utiliza estratexias para a exposición (esquemas, notas, resumos) que lle axudan a expor con orde, claridade e eficacia.
Recursos empregados	Non utiliza recursos adicionais á súa exposición.	Utiliza algún recurso adicional na súa exposición.	Apoia a súa exposición con imaxes, datos, fotografías...	Apoia a súa exposición con imaxes, datos, fotografías, etc., que a fan moi amena e interesante.

Bloque III - COMPRENSIÓN DE TEXTOS ESCRITOS

Rúbrica da comprensión lectora

ALUMNO.....

	En vías de adquisición	Adquirido	Avanzado	Excelente
Atención	Distráese durante a lectura.	Distráese ocasionalmente durante a lectura.	Non se distrae na lectura.	Atende de forma constante durante toda a lectura.
Propósito	Non capta o significado global. Expressa unha idea vaga ou confusa do texto.	Capta con dificultade o significado global. Obvia partes do texto que completan o seu sentido.	Recoñece e expresa o significado do texto e sitúa as ideas principais do mesmo.	Expressa unha síntese detallada do propósito do texto. Identifica a súa función ou utilidade.
Puntos principais	Non distingue a idea ou ideas principais do texto.	Distingue a idea principal do texto.	Extrae ademais das ideas principais outras secundarias.	Distingue entre as ideas principais e secundarias.
Contexto e forma	Non identifica a situación comunicativa nin distingue o tipo de texto.	Identifica a situación comunicativa, con información previa sobre o tipo de texto do que se trata.	Identifica a situación comunicativa e achega algo de información sobre ela.	Identifica a situación comunicativa e achega información detallada, ademais de distinguir o tipo de texto do que se trata.
Inferencias	Non é capaz de inferir ningunha información da lectura.	Realiza inferencias sobre a lectura, aínda con dificultade.	Realiza inferencias sobre a lectura e achega ideas derivadas.	Realiza inferencias sobre a lectura, e achega ideas derivadas e conclusións.

Rúbrica da lectura en voz alta

ALUMNO.....

	En vías de adquisición	Adquirido	Avanzado	Excelente
Claridade e entoación	Non se lle entende cando le, porque o fai entre dentes.	Le, pero non vocaliza a maioría do tempo.	Le con claridade e vocalizando, pero a súa entoación pode mellorar.	Le claramente e vocaliza, á vez que ten unha moi boa entoación.
Volume de voz	Non se lle escoita ou fala tan alto que molesta a todos.	Escóitase mal, porque unhas veces fala moi alto e outras case nin se lle oíe.	Ten un volume de voz que permite escoitar os do grupo, pero ás veces molesta os máis próximos.	Ten un volume medio que permite escoitar os do grupo, sen molestar os compañeiros.
Ritmo de lectura	Non leva un ritmo adecuado, polo que resulta completamente imposible entender a historia (vai demasiado rápido ou demasiado lento).	Salta algún punto ou coma e o ritmo, ás veces, pérdese.	Respecta os puntos e comas, pero ás veces leva un ritmo no que se perde o sentido da historia.	Respecta os puntos e comas, toma aire cando debe, o que fai que se entenda perfectamente o que le.

Bloque IV - PRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS

Rúbrica da produción de textos escritos

ALUMNO.....

	En vías de adquisición	Adquirido	Avanzado	Excelente
Estructura da oración	As oracións carecen de estrutura e parecen estar incompletas ou non teñen sentido.	A maioría das oracións están ben construídas, pero teñen unha estrutura similar.	A maioría das oracións están ben construídas e teñen unha estrutura variada.	Todas as oracións están ben construídas e teñen unha estrutura variada.
Uso de maiúsculas e puntuación	Comete varios erros no uso de maiúsculas e/ou na puntuación, o que chama a atención e interrompe en gran medida o fluxo de información.	Comete poucos erros no uso de maiúsculas e/ou na puntuación, o que chama a atención do lector e interrompe o fluxo de información.	Comete un ou dous erros no uso de maiúsculas ou na puntuación, pero o traballo aínda é fácil de ler.	Non comete erros no uso de maiúsculas ou na puntuación, polo que o traballo é excepcionalmente fácil de ler.
Corrección ortográfica	Seis ou máis erros ortográficos de importancia.	Entre tres e cinco erros ortográficos de importancia.	Admítense até dous erros ortográficos de importancia.	Non presenta erros ortográficos de importancia.
Cohesión léxica e gramatical	Erros xeneralizados na concordancia gramatical: xénero, número, réxime verbal...	Algúns erros na concordancia gramatical: xénero, número, réxime verbal...	Respecta a concordancia gramatical: xénero, número, réxime verbal...	Respecta a concordancia gramatical: xénero, número, réxime verbal...
Adecuación ao contexto	O texto non segue as instrucións dadas (con relación á tipoloxía textual, a extensión...).	O texto incumpre algunha das instrucións dadas.	En xeral, o texto segue as instrucións dadas.	O texto segue as instrucións dadas.

Rúbrica de produción de correspondencia personal

ALUMNO.....

	En vías de adquisición	Adquirido	Avanzado	Excelente
Estrutura formal	O texto non ten orde e os espazos non están ben distribuídos.	A orde non se segue sempre, aínda que si hai unha certa estrutura, e os espazos tampouco están ben distribuídos.	O texto segue unha orde, pero os espazos non están ben distribuídos.	O texto segue unha orde adecuada ao seu contido: introdución, comunicación e peche. Ademais, están ben organizados os espazos.
Mensaxes	Non se expoñen as mensaxes ou están mal fundamentadas.	As mensaxes poderíanse mellorar.	As mensaxes están ben transmitidas.	As mensaxes da carta son claras e están ben argumentadas e transmitidas.
Gramática e ortografía	Comete máis de catro erros de gramática ou ortografía que distraen totalmente a lectura.	Comete tres ou catro erros de gramática ou ortografía que distraen levemente a lectura.	Comete un ou dous erros de gramática ou ortografía que non distraen a lectura.	Non comete erros de gramática ou ortografía que distraian a lectura.

7.ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Temos que ter en conta que existe unha gran variedade de experiencias e habilidades por parte do alumnado. Os alumnos aprenden a ritmos diferentes e teñen distintos estilos de aprendizaxe. A diferenciación na aprendizaxe trátase de varias formas:

O traballo en grupo ou en parellas fomenta a cooperación e a axuda entre compañeiros .

- Hai unha gran variedade de tipos de actividades que abranguen todos os estilos de aprendizaxe e teñen en conta as diferentes intelixencias múltiples, permitindo a participación dos alumnos a distintos niveis.
- Fichas de apoio para apoiar os alumnos con diferentes niveis (*fast finishers*, fichas de ampliación, de reforzo, etc.)
- Actividades Tic para traballar de maneira individualizada cos alumnos, e así reforzar os contidos que máis lles custen ou ampliar.

